



Convocatoria de subvencións para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxis) ou a adaptación de vehículos taxi existentes no Concello de Pontevedra

Expediente: 2025/SUBCC/000009

O artigo 49 da Constitución Española de 1978 encoméndalles aos poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, ás que lles prestarán a atención específica que requiran e ás que ampararán especialmente, para o desfrute dos dereitos que a Constitución lle outorga a toda a cidadanía.

Pola súa banda, a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2º, atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Estratexia Europea sobre os dereitos das persoas con discapacidade para 2021-2030 recoñeceu a dificultade das persoas deste colectivo para utilizar os medios de transporte, significando que o transporte é unha das ferramentas para exercer os dereitos e un requisito para a plena participación das persoas con diversidade funcional e cognitiva en igualdade de condicións cos demais. Asemade, esta Estratexia inclúe entre os dereitos dos pasaxeiros o dereito á non discriminación no acceso ao transporte e a recibir asistencia gratuíta para os pasaxeiros con mobilidade reducida que viaxen en calquera medio de transporte.

Nesta senda, entre os principios xerais recollidos na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia están os de universalidade e accesibilidade dos servizos de taxi, dispoñendo esta norma a obriga dos municipios de establecer as disposicións oportunas para que se garanta a existencia de vehículos de taxi adaptados para transportar persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas, debendo estas entidades locais de garantir a porcentaxe mínima de vehículos adaptados que estableza a lexislación sectorial específica.

Deste xeito, o Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade establece, no artigo 8, que en todos os municipios, os concellos promoveran que polo menos un cinco por cento, ou fracción, das licenzas de taxi correspondan a vehículos adaptados.

En cumprimento da normativa exposta, o artigo 3 da Ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Pontevedra declara expresamente a competencia e interese municipal da prestación do servizo de taxi, dispoñendo que, como servizos regulados para o público e tendo en conta que a mobilidade é un dereito, o Concello poderá desenvolver todas aquelas medidas de fomento que estime xustificadas, incluídas as subvencións, para mellorar a accesibilidade e facer efectivo o amentado dereito a todos os colectivos e persoas, en condicións de igualdade e proporcionalidade. Establece tamén o artigo 20 desta ordenanza que o número de taxis adaptados debe ser suficiente para atender as necesidades existentes en función da poboación e as circunstancias socioeconómicas da zona, garantindo en todo caso o cumprimento do Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro.

Tendo en conta as obrigas que a anterior normativa impón ás Administracións Públicas para garantir o acceso en condicións de igualdade das persoas con diversidade funcional e cognitiva aos medios públicos de transporte, e de conformidade co deber que atinxe aos Concellos de promover o obxectivo de acadar





que, polo menos, o cinco por cento dos taxis do municipio sexan vehículos adaptados, este Concello ten a intención de establecer, como medida de fomento que contribúa a garantir a mobilidade de toda a cidadanía, unha liña de subvencións para a adquisición de vehículos novos adaptados ou a adaptación dos existentes que se dediquen á realización do servizo de Eurotaxi. Do mesmo xeito, o cumprimento do principio de accesibilidade universal nos medios de transporte e o mandato legal establecido nas normas citadas xustifican que a porcentaxe subvencionable exceda do 50% do custe da actuación, de conformidade co establecido no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello.

Esta medida de fomento axústase ao marco da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Aplícase tamén a esta convocatoria de axudas o disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada definitivamente polo Pleno na data do 17/09/2004.

Artigo 1. Obxecto e finalidade das subvencións

1. O obxecto desta convocatoria é o de regular o procedemento para a concesión de subvencións en réxime concorrência competitiva para a adquisición ou adaptación de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxis).

Enténdese por Eurotaxi aqueles taxis que incorporen as medidas de accesibilidade universal descritas no anexo VII do Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.

2. A finalidade da presente axuda é a de fomentar que os titulares das licenzas de taxi do Concello de Pontevedra adapten os seus vehículos para o transporte de persoas con mobilidade reducida, de xeito que se dea cumprimento ao previsto no artigo 8 do Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, cando dispón que en todos os municipios, os concellos promoverán que polo menos un cinco por cento, ou fracción, das licenzas de taxi correspondan a vehículos adaptados.

Artigo 2. Réxime xurídico

As subvencións obxecto desta convocatoria rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seus preceptos básicos, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do seu Regulamento, polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004, polo articulado desta convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Artigo 3. Financiamento e contía da subvención

1. Para o financiamento destas subvencións destínase unha contía total máxima de 60.000,00€ que se imputará á aplicación orzamentaria 10.441.2-772.00 do orzamento do Concello do ano 2025.

A contía máxima de cada subvención será de 10.000,00 euros por vehículo e persoa beneficiaria.





En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actuación subvencionada.

2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007.

3. Debido ás especiais razóns de interese público e social que concorren na presente axuda, a porcentaxe subvencionable poderá exceder do 50% do custe da actuación.

Artigo 4. Axudas de estado e incompatibilidade das subvencións

1. As subvencións reguladas nesta convocatoria están sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, polo que lles será de aplicación o disposto no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*.

De acordo con isto, a contía total das axudas de *minimis* concedidas a unha empresa non poderán exceder os 300.000 euros durante o período de tres anos previos.

Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas de *minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se tal acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

Para acreditar o cumprimento desta regra, as persoas solicitantes destas subvencións están obrigadas a declarar as axudas percibidas baixo o réxime *de minimis*, segundo o modelo normalizado establecido polo Concello na súa solicitude.

2. As subvencións que se outorguen nesta convocatoria son incompatibles con outras axudas ou subvencións de entes públicos ou privados para o mesmo obxecto e finalidade (adquisición de taxis adaptados ou adaptación de vehículos taxi); en concreto esta subvención é incompatible coas axudas outorgadas pola Xunta de Galicia para taxis adaptados (Eurotaxis) con base en convocatorias para o exercicio 2024 e 2025.

Pola contra, estas subvencións son compatibles con outras achegas, axudas ou subvencións que poida obter a persoa beneficiaria para unha finalidade distinta aínda, que teña por obxecto o mesmo vehículo taxi.

Artigo 5. Persoas beneficiarias.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria as persoas físicas que sexan titulares dunha licenza de taxi do Concello de Pontevedra e que adquiran a propiedade dun vehículo taxi novo adaptado ou adapten un vehículo que xa sexa da súa propiedade, no período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2024 e o 31 de decembro de 2025.

2. As persoas beneficiarias deberán reunir no momento da presentación da súa solicitude os seguintes requisitos:

a) Seren titulares en activo dunha licenza de taxi do Concello de Pontevedra. Só se poderá recibir





unha axuda por licenza, estando o vehículo adaptado obxecto da subvención afecto á dita licenza.

b) Deberán de atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra, coas facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social.

c) Non poderán estar incursos en ningunha das prohibicións para recibir subvencións enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Non teren pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Pontevedra.

e) Non teren sido sancionadas nos últimos dous anos pola comisión dunha falta grave ou moi grave das tipificadas na Ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación o 28/02/2023.

Artigo 6. Requisitos dos vehículos taxi subvencionados

Os vehículos para os que está destinada a subvención deberán estar afectos á correspondente licenza de taxi do Concello de Pontevedra, e reunirán os seguintes requisitos:

a) Os recollidos nos artigos 24 e 25 da Lei 4/2013, do 30 de maio, do transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia e nos artigos 14, 15 e 16 da Ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Pontevedra.

b) A adaptación do taxi deberá de realizarse por unha empresa homologada, segundo o esixido no Anexo VII do Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro e reunir os requisitos recollidos na Norma UNE 26.494: 2014, e nas súas posteriores modificacións.

d) A adaptación do vehículo deberá de obter a homologación da correspondente Inspección Técnica de Vehículos.

Artigo 7. Actuacións subvencionables e prazo para a súa realización.

1. Subvencionaranse os custes de adquisición de novos vehículos taxi adaptados e/ou o seu acondicionamento para o seu uso por persoas con mobilidade reducida, que reúnan os requisitos do artigo 5 e se adquiran no período subvencionable, que é o comprendido entre o 01.01.2024 e o 31.12.2025.

Como consecuencia, as persoas beneficiarias deberán ter formalizada a compra do vehículo taxi adaptado ou realizada a súa adaptación dentro dese período subvencionable, aínda que a entrega do vehículo se realice con posterioridade. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de que finalice o período de xustificación establecido no artigo 17 desta convocatoria.

2. No caso de adquisición de vehículos taxi adaptados xa polo fabricante e que se vendan directamente adaptados a través dun único importe de compra, o gasto subvencionable será o resultado da diferenza de custe que teña o vehículo adaptado respecto do prezo de venda do mesmo modelo e coas mesmas características e equipamento do vehículo de gama que estea sen adaptar, certificado a través da entidade fabricante ou concesionario de venda.

3. En ningún caso se admitirán como subvencionables os vehículos de segunda man nin os adquiridos a través dun contrato de renting.





4. O IVE soportado, que deberá constar desglosado nos documentos xustificativos do gasto, será subvencionable cando o/a beneficiario/a non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

5. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables regulados nesta convocatoria non existan no mercado suficientes empresas homologadas que poidan realizalos, ou no caso de que os gastos xa se tivesen realizados con anterioridade á concesión da subvención.

Artigo 8. Procedemento de concesión da subvención

1. O procedemento de concesión das subvencións previstas nesta convocatoria será o de concorrência competitiva, polo que a concesión das axudas realizarase logo da comparación das solicitudes presentadas para establecer unha prelación entre elas.

2. Os criterios que servirán para determinar a orde de prelación das solicitudes serán os seguintes:

a) Terán preferencia as solicitudes de subvención para vehículos que xa teñan a condición de eurotaxis, isto é, os que no momento da presentación da solicitude xa dispoñan dun taxi adaptado para persoas con mobilidade reducida. Dentro destes, terán prioridade os vehículos de máis antigüidade, atendendo á data de adquisición do vehículo.

b) Para as solicitudes ás que non lle sexa de aplicación o disposto no parágrafo anterior, a orde de prelación será a seguinte:

1º. Antigüidade do vehículo taxi: solicitantes que teñan un vehículo taxi de máis antigüidade, atendendo á súa data de adquisición.

2º. Antigüidade da profesión: solicitantes que teñan unha licenza de taxi de máis antigüidade.

Aos efectos previstos nesta convocatoria, a data de adquisición dos vehículos será a de primeira matriculación que conste no permiso de circulación e na licenza municipal de taxi.

Se houberse un empate entre as solicitudes, a orde de prelación determinarase pola orde de entrada das peticións. Se continuase o empate, resolverase por sorteo.

3. O número máximo de taxis adaptados que se subvencionarán con cargo a esta convocatoria será de seis. De se presentaren máis solicitudes, aquelas que non resulten beneficiarias da subvención e cumpran todos os requisitos, quedarán en reserva e poderán ser subvencionadas no caso de que se produza algunha renuncia das persoas beneficiarias, sen necesidade de realizar unha nova convocatoria.

Artigo 9. Forma e prazo para a presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello (<http://sede.pontevedra.gal/>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa





solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

2. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do réxime da subvención contido nesta convocatoria, así como a autorización para a consulta daqueles datos e documentos que sexan necesarios para resolver e se atopen en poder das Administracións Públicas, agás que a persoa interesada se opoña expresamente a esta consulta, debendo neste caso achegar os documentos que correspondan.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será de 1 mes, contado dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto da convocatoria da subvención, nos termos e cos requisitos establecidos no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

4. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas na convocatoria ou na normativa de aplicación, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos obrigatorios. Neste requirimento indicarse expresamente de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución.

A remisión da documentación que sexa requirida polo Concello ou a emenda da solicitude inicialmente formulada realizarase exclusivamente por medios electrónicos, a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra.

5. A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

Artigo 10. Documentación que debe presentarse xunto coa solicitude

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Formulario de solicitude asinado pola persoa que pide a subvención ou polo seu representante legal.

b) No caso de actuar por medio de representante, debe achegarse a documentación acreditativa da representación.

c) Copia do DNI da persoa titular da licenza de taxi.

d) Certificado da entidade bancaria da conta á que se poderá transferir, de ser o caso, o importe da subvención, a nome do/a solicitante da subvención.

e) Declaración responsable relativa a:

1º. Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse ás axudas reguladas na convocatoria, así como das obrigas e dos compromisos que nelas se establecen.

2º. Cumprimento das obrigas específicas establecidas no artigo 9 desta convocatoria.





3º. Autenticidade dos datos facilitados.

4º. Subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade e compromiso de comunicarlle ao Concello de Pontevedra a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

5º. Axudas de minimis recibidas durante o período dos tres anos previos, suxeitas ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

6º. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Pontevedra.

7º. Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e de non ser debedor/a coas Facendas públicas estatal, autonómica e municipal, así como coa Seguridade Social.

8º. Autenticidade e coincidencia cos orixinais da documentación anexada coa solicitude, e posta á disposición da Administración dos ditos orixinais en caso de que se lle requira.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

3. O órgano instrutor do procedemento xestionará de oficio a acreditación de estar ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra e a relativa á titularidade da licenza municipal de taxi.

Artigo 11. Tramitación das solicitudes de subvención

1. O servizo xestor da subvención será o Gabinete da Alcaldía, correspondéndolle a instrución do procedemento de concesión das axudas á xefatura do servizo. O servizo xestor recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos e a documentación exixida na convocatoria.

2. O órgano instrutor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. As actividades de instrución comprenderán:

a) A petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos no prazos regulamentarios, para resolver ou sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións.

b) A avaliación técnica das solicitudes ou peticións, que será realizada, no seu caso, de xeito conxunto coa Sección de Servizos Compartidos, segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas presentes bases.

3. O órgano instrutor poderá requirir á persoa interesada cantos datos, documentos e aclaracións resulten necesario para complementar o expediente, dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos proporcionados e realizar actividades de inspección e verificación para asegurar o axeitado destino





das axudas. Nestes casos, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola persoa interesada, poráselle de manifesto antes de redactar a proposta de resolución, para que, no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

4. Unha vez avaliadas as solicitudes, deberá emitirse un informe polo órgano colexiado que se regula no artigo 11, no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

5. O órgano instrutor, á vista do expediente e da proposta do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse por medios electrónicos, a todas as persoas interesadas, concedendo un prazo de dez (10) días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións ou probas aducidas polas interesadas, tendo neste caso a proposta o carácter de definitiva.

6. Examinadas as alegacións, no caso de presentárense por parte das interesadas, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución definitiva que deberá reflectir a relación de persoas solicitantes para as que se propón a concesión de subvención e a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala, debendo constar que da información levada a cabo despréndese que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos precisos para acceder as axudas. Así mesmo o informe deberá contar de xeito expreso e motivado, a desestimación das solicitudes.

7. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor da beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

Artigo 12. Órgano colexiado encargado da avaliación das solicitudes

Un órgano colexiado será o encargado de analizar a avaliación das solicitudes presentadas e deberá de emitir un informe no que se concrete o resultado da dita avaliación, propoñendo a concesión ou denegación das axudas previstas na convocatoria.

Este órgano colexiado estará presidido polo Concelleiro da Área de Mellora Urbana, ou concelleiro/a en quen delegue, e composta, ademais, polos seguintes membros:

- a) A xefa do Gabinete da Alcaldía ou quen a substitúa, que actuará de secretaria, con voz pero sen voto.
- b) O xefe da Oficina Técnica de Mantemento, Residuos e Limpeza e Transporte do Concello de Pontevedra ou quen o substitúa.
- c) O xefe da Sección de Servizos Compartidos ou quen o substitúa.

A comisión contará co voto de calidade da presidencia, que será resolutivo.

Artigo 13. Resolución do procedemento

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional ou definitiva, e, despois da fiscalización da Intervención Xeral do Concello, resolverase o procedemento por acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pagamento e condicións nas que se outorga. O prazo para resolver e notificar a resolución non poderá exceder de tres





meses, contado a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación das solicitudes.

3. De non resolverse expresamente a convocatoria no dito prazo de tres meses, entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Artigo 14. Aceptación da subvención

1. Unha vez notificada a resolución definitiva, as persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para aceptala. Transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda, agás que no mesmo prazo se comuniquen de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada pola persoa interesada.

2. As persoas beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos, nos termos establecidos na resolución de concesión da axuda. Ademais, as beneficiarias someteranse as actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de Pontevedra, cos medios que estime oportunos.

Artigo 15. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas que resulten beneficiarias da subvención estarán obrigadas ao seguinte:

- a) Destinar a subvención recibida á realización da actuación para a que se concedeu a axuda.
- b) Manter a titularidade do vehículo e o seu destino como taxi adaptado durante un período mínimo de cinco (5) anos dende a súa adscrición á licenza de taxi, agás que, previa autorización, se substitúa por outro taxi adaptado de condicións análogas, o que non dará dereito a unha nova subvención. Excepcionalmente, poderá eximirse desta obriga nos casos de roubo, avaría grave e permanente ou accidente que impidan a continuación do servizo co vehículo adaptado polo que se obtivo a subvención, debendo de quedar acreditado no expediente que corresponda a causa excepcional que evidencie que o vehículo non pode destinarse ao dito servizo, así como que non existiu intención dolosa por parte da persoa interesada.
- c) Manter en todo momento o bo funcionamento técnico do vehículo e das adaptacións realizadas para poder transportar a persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.
- d) Cumprir a normativa aprobada polo Concello sobre a prestación do servizo e a dispoñibilidade de taxis adaptados, así como o disposto no artigo 20 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, relativo a vehículos adaptados.
- e) Obriga de permitir que o Concello de Pontevedra faga as revisións que considere necesarias no vehículo para acreditar o cumprimento polas persoas beneficiarias das obrigas e requisitos establecidos nesta convocatoria.
- f) Obriga de dar difusión á subvención concedida, incorporando nun lugar visible do vehículo afecto á subvención o adhesivo ou cartel informativo que determine o Concello coa referencia expresa a que a adquisición do vehículo ou a súa adaptación foi subvencionada polo Concello de Pontevedra.
- g) Comunicar ao Concello, se fose o caso, calquera alteración nas condicións tidas en conta para o outorgamento da subvención.





- h) Xustificar ante o Concello de Pontevedra o cumprimento dos requisitos e condicións para o que se outorgou a subvención así como a realización da actuación subvencionada, mediante a presentación da conta xustificativa nos termos e prazos establecidos na convocatoria.
- i) Obriga de reintegro total ou parcial da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, segundo a obriga incumplida.
- l) Obriga de permitir que o Concello de Pontevedra realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como de facer o seguimento e o control das axudas concedidas.
- m) Obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- n) Ter a disposición das persoas usuarias do taxi as tarifas en braille e máis en pictogramas no caso de que estas sexan facilitadas polo Concello de Pontevedra
- ñ) No caso de non ser quen de realizar a actuación para o que se concedeu a axuda, comunicar a súa renuncia no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, con anterioridade á data límite establecida na convocatoria para realizar a actuación.
- o) As demais obrigas que se establecen no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 16. Publicidade das subvencións concedidas

Esta convocatoria e máis a concesión das subvencións publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Ademais, en aplicación da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as bases e as subvencións concedidas, publicaranse na sede electrónica do Concello de Pontevedra, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

A publicación da resolución da convocatoria de concesión conterá o nome e apelidos das persoas físicas beneficiarias, o DNI, NIE ou pasaporte (parcialmente anonimizados) da persoa solicitante, a referencia do seu expediente e a resolución recaída (inadmitida, concedida, denegada- cos motivos de denegación- ou desistida).

Artigo 17. Xustificación e pagamento das subvencións

1. O pagamento da axuda realizarase despois de que se aprobe polo órgano competente a conta xustificativa da subvención, que se presentará nos prazos e cos requisitos establecidos neste artigo.

2. As persoas beneficiarias están obrigadas a xustificar a subvención concedida. A conta xustificativa da subvención presentarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>).





O prazo para presentar a conta xustificativa da subvención será de un mes a contar dende que se realizou a adaptación ou se adquiriu o vehículo adaptado. En todo caso, a data límite para presentar a conta xustificativa da subvención será o 31/03/2026.

3. A conta xustificativa da subvención comprenderá a seguinte documentación:

a) Formulario normalizado de xustificación e solicitude de pagamento, que conterá:

1º. Unha memoria que reflicta a declaración da adquisición e/ou adaptación do vehículo

2º. A relación desagregada de gastos e ingresos que financian a actividade.

No caso de adquisición directa de vehículo adaptado, se deberá incluír desagregado o custe de adaptación do vehículo respecto do modelo de vehículo equivalente sen adaptar.

3º. Declaración responsable na que se reflicta que non se solicitaron nin recibiron outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade e que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

b) Factura da adquisición do vehículo ou da súa adaptación por empresa homologada, que debe cumprir os seguintes requisitos:

1º. Os establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012.

2º. Estaren datadas no período subvencionable, isto é, entre o 01.01.2024 e o 31.12.2025.

c) Xustificante/s do pago da factura mediante transferencia bancaria, domiciliación bancaria da débeda, cheque bancario nominativo, tarxeta de crédito/débito, pagamento das cotas do préstamo no caso de financiamento da compra ou o método de pagamento electrónico empregado (Paypal, Google Pay, Apple Pay...), sempre que quede constancia do pagamento realizado, dos suxeitos participantes na transacción e a conta de orixe e destino dos fondos.

d) Certificado de titularidade da conta bancaria desde a cal se realizou o dito pagamento ou pagamentos, que acredite que a persoa solicitante é titular dela. Non será necesario achegar este certificado no caso de que a dita conta coincida coa conta designada no documento de solicitude para o aboamento da axuda.

e) Certificado da empresa homologada que realice a adaptación no que se acredite que o vehículo está adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida.

f) Documento no que conste a homologación da adaptación do vehículo pola correspondente Inspección Técnica de Vehículos.

g) Certificacións das Facendas Públicas estatal e autonómica de estar ao corrente das súas obrigas fiscais, así como coa Seguridade Social.

h) Copia do permiso de circulación do vehículo, que deberá estar baixo titularidade do beneficiario

Artigo 18. Devolución voluntaria da subvención.

A persoa beneficiaria poderá devolver voluntariamente, sen previo requirimento do Concello, a subvención recibida, presentado o formulario facilitado polo servizo xestor. De acordo co





establecido no artigo 90 do RLXS, o importe da devolución incluírá os xuros de mora previstos no artigo 34 da LXS, ata o momento no que se produciu a devolución efectiva por parte da beneficiaria.

Artigo 19. Incumprimentos, reintegros e sancións

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta convocatoria ou no resto da normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase un procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 37 e seguintes da Lei 28/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no regulamento que a desenvolve, aprobado por Real Decreto Real Decreto 887/2006, de 21 de julio e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

3. De conformidade co establecido no artigo 9.1, alínea r), da Ordenanza de subvencións do Concello, o importe que se deba reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento da obriga de destinar a subvención á realización da actuación para a que se concedeu, así como a obtención da subvención falseando os datos, feitos ou documentos: reintegro do 100 % da subvención concedida.

b) Incumprimento da obriga de permitir que o Concello de Pontevedra realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas tanto no vehículo como coa finalidade de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, e o incumprimento de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia: reintegro do 100 % da subvención concedida.

c) Incumprimento da obriga de manter a titularidade do vehículo e o seu destino como taxi adaptado durante un período mínimo de cinco anos dende a súa adscrición á licenza de taxi: reintegro do 20 % por cada un dos cinco anos que incumpra esta obriga.

No suposto de substitución do vehículo por outro en que non concorran as mesmas características que no vehículo subvencionado: reintegro do 20 % por cada un dos cinco anos que incumpra esta obriga.

d) Incumprimento da obriga de acatar a normativa aprobada polo Concello sobre a prestación do servizo e a dispoñibilidade de taxis adaptados, así como o disposto no artigo 20 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra: reintegro do 20 % da subvención concedida.

e) Incumprimento da obriga de dar difusión á subvención concedida mediante a colocación do adhesivo o cartel informativo previsto no artigo 15 alínea f): reintegro do 10 % da subvención concedida. Non obstante, no suposto de resultar aínda posible o cumprimento desta obriga, o órgano xestor deberá requirirle á persoa beneficiaria que incorpore o cartel, nun prazo non superior a quince (15) días, con expresa advertencia de que o seu incumprimento implicará o inicio do expediente de reintegro.

f) Incumprimento da obriga de manter o bo funcionamento técnico do vehículo e das adaptacións realizadas: reintegro do 10 % da subvención concedida.





4. No suposto de incumprimentos sucesivos de calquera destas obrigas, e tras a incoación de varios expedientes de penalidades pola mesma causa, o terceiro expediente que se incoe implicará o reintegro do importe restante da axuda ata acadar o 100 % do importe subvencionado. Os incumprimentos computaranse por anualidades completas, con independencia do número de meses en que si cumpra a persoa beneficiaria coa correspondente obriga.

5. O procedemento sancionador será o disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra, no seu Título II.-Infraccións administrativas e procedemento sancionador.

Artigo 20. Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Pontevedra ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Pontevedra, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas solicitantes poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Pontevedra). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Artigo 21. Recursos que poden interpoñerse

Contra o acordo que aprobe esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:





- a) Recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra.
- b) Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo do Concello de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra.

